



Axudas para financiar visitas de persoal investigador de institucións estranxeiras invitado polo persoal investigador permanente ou non permanente adscrito ao Campus Industrial de Ferrol

1. OBXECTO

Esta acción pretende incentivar a visita ao Campus Industrial de Ferrol (CIF) de persoal investigador (en diante persoa beneficiaria) de institucións estranxeiras de recoñecido prestixio con vistas a favorecer a internacionalización deste campus e as relacións con outras entidades internacionais. Financiaranse visitas que sirvan para promover reunións de traballo que permitan continuar proxectos conxuntos ou iniciar novas colaboracións para potenciar os indicadores de investigación do Campus Industrial de Ferrol. No marco da visita a persoa beneficiaria deberá ofrecer ademais unha palestra no CIF para favorecer a relación co persoal investigador do CIF.

Con este obxectivo convócanse axudas ao viaxe, aloxamento e manutención de persoal investigador excelente de institucións estranxeiras ata o Campus Industrial de Ferrol, que deberán ser solicitadas polo persoal docente e investigador permanente ou non permanente adscrito ao CIF (en diante persoa solicitante). As visitas deben ter unha duración mínima de tres días consecutivos e máxima de cinco.

2. FINANCIACIÓN

A financiación desta convocatoria, por un importe máximo de 6.000 €, efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 090044F100 541A 6400004 do orzamento do Campus Industrial de Ferrol para o ano 2023.

Financiarase ata un máximo de 1.000,00 euros por visita.

Aos efectos do cálculo da axuda final, os máximos para xustificar os conceptos de aloxamento e manutención serán os correspondentes aos publicados no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, e a normativa autonómica nesta materia.

3. REQUISITOS

Para poder participar en nesta convocatoria as persoas solicitantes deberán estar adscritas ao CIF e poderán ser membros permanentes ou non permanentes. As persoas solicitantes disporán de conta ORCID activa. No momento da aprobación da axuda as persoas solicitantes deberán ter o perfil SUXI actualizado (ou no seu defecto presentarán CV detallado actualizado).

Estas axudas están destinadas a cubrir total ou parcialmente os custos de viaxe, aloxamento e manutención de persoal investigador de institucións estranxeiras, con motivo da realización dunha visita ao Campus Industrial de Ferrol.



As datas de realización da visita estarán comprendidas entre o 15 de febreiro e o 15 de novembro de 2023 (debido ao período de xustificación da axuda e os prazos internos de tramitación).

Os mesmos gastos que se imputen a esta axuda no poderán ser xustificadas en outros proxectos, fondos, etc, sen embargo, si pode complementarse a cantidade restante non financiada, con outras axudas.

4. SOLICITUDE

A solicitude de axuda realizarase enviando a documentación requirida (Anexo I) ao correo electrónico internacionalizacion.campus.industrial@udc.gal. Ademais, poderá presentarse en calquera dos rexistros que indica o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. As solicitudes que se presenten por procedementos distintos dos previamente especificados resultarán excluídas.

A presente convocatoria permanecerá aberta mentres haxa orzamento dispoñible e se estea en prazo para a tramitación, en función das datas establecidas para o peche do exercicio económico 2023. Realizarase unha reunión mensual de avaliación das propostas recibidas. A avaliación das solicitudes de axuda realizarase seguindo as instrucións que figuran no apartado 5.

5. SELECCIÓN

Só se financiarán as solicitudes aliñadas directamente cos ámbitos estratéxicos do Campus Industrial de Ferrol, que son os seguintes:

- Robótica industrial.
- Materiais.
- Optimización de procesos industriais.
- Enxeñería naval e offshore.
- Xestión industrial.
- Desenvolvemento de produto.

Só se financiarán visitas de persoal investigador de recoñecido prestixio que deberá avalarse pola súa traxectoria profesional. Só se concederá financiación para unha visita por solicitante e persoa visitante por anualidade. Excepcionalmente, poderá concederse unha segunda ou sucesivas visitas con financiación se na resolución previa ao mes en que terá lugar a segunda ou sucesivas visitas, quedasen aínda fondos para financiar as visitas adicionais solicitadas.

Se houbese que discriminar entre mais dunha petición, priorizaranse as solicitudes en función de:

- Traxectoria do investigador invitado (proxectos, publicacións, etc), que sexa de alto valor científico e que supoña unha contribución directa ás liñas estratéxicas do CIF.
- Colaboración previa existente da persoa solicitante coa entidade á que pertence o investigador invitado, en forma de participación en proxectos (concedidos, solicitados ou potenciais).



- Publicacións conxuntas previas ou en redacción nas que participen a persoa solicitante e a persoa investigadora visitante relacionadas cos ámbitos de especialización do CIF.

6. COMISIÓN DE SELECCIÓN

As solicitudes serán avaliadas segundo os requisitos e criterios establecidos nesta convocatoria, por una Comisión de Selección composta polas seguintes persoas:

- a) María Jesús Movilla Fernández, vicerreitora del Campus de Ferrol y Responsabilidade Social.
- b) Ana Isabel Ares Pernas, directora do Campus Industrial de Ferrol.
- c) Armando José Yáñez Casal, coordinador da Comisión de I+D, Transferencia e Relación coa Sociedade
- d) María Eugenia Díaz Caneiro, técnica de internacionalización do Campus Industrial de Ferrol.

A Comisión poderá solicitar información adicional ao persoal investigador no caso de que o considere necesario.

7. RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

Publicarase mensualmente un listado das solicitudes aprobadas na páxina web do Campus Industrial de Ferrol. Ademais, a avaliación da Comisión será comunicada á persoa solicitante por correo electrónico.

No momento en que se esgote o orzamento disposto para esta convocatoria indicarse tamén na páxina web do Campus Industrial de Ferrol.

8. ACEPTACIÓN OU RENUNCIA

As persoas beneficiarias deberán notificar a súa aceptación ou renuncia mediante un escrito redactado conforme ao modelo Anexo II. En caso de aceptación deberán presentar a seguinte documentación:

- Xustificante bancario do número de conta.
- Copia do pasaporte.
- Impreso de alta de terceiros.

O prazo para a aceptación ou renuncia será de cinco días hábiles, que contarán a partir da comunicación por correo electrónico. De non aceptar en este prazo, entenderase que a persoa beneficiaria renuncia á axuda.

A aceptación da axuda implica a aceptación das condicións de execución, obrigacións e xustificación, segundo o establecido na presente convocatoria.

9. OBLIGACIÓN DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Son obrigacións das persoas beneficiarias desta axuda:



1. Colaborar na organización da palestra xunto coa persoa solicitante do CIF.
2. Aportar o Anexo III cuberto cos datos da visita.
3. Trala realización da visita e no prazo máximo de 3 días despois da finalización a persoa investigadora solicitante da axuda debe enviar ao correo electrónico internacionalizacion.campus.industrial@udc.gal a ficha do Anexo IV cuberta onde se describan as accións realizadas durante a visita, incorporando fotos como evidencias e a xustificación dos gastos da persoa investigadora invitada. Se non se presenta o informe xustificativo neste período entenderase que se renuncia á axuda e non se procederá ao seu pagamento.

O incumprimento destas obrigacións dará lugar á perda do dereito á axuda.

10. PAGO

O pago á persoa beneficiaria dos gastos correspondentes a aloxamento, manutención e viaxe tramitarase unha vez se faga chegar a internacionalizacion.campus.industrial@udc.gal copia dos documentos acreditativos dos gastos correspondentes, isto é factura de hotel, billetes de avión, autobús, tickets de autopista, facturas de taxi, según corresponda.

11. INCUMPRIMENTO

A eventual ocultación ou falseamento de datos, así como o incumprimento total ou parcial dos requisitos e obrigacións establecidos nesta resolución e nas demais normas aplicables, ou das condicións que, no seu caso, se establezan nas correspondentes resolucións de concesión, darán lugar á revogación da axuda, o que implicará o reintegro das cantidades percibidas na súa totalidade e a prohibición á persoa investigadora adscrita ao Campus Industrial de Ferrol responsable da solicitude a solicitar novas axudas na anualidade.

As circunstancias de forza maior non se consideran como causa que xustifique non reintegrar o importe total da subvención asignada. O cambio de calquera das circunstancias da axuda concedida (datas, investigador invitado), deberá ser aprobado pola Comisión de Selección, polo que haberá de ser notificado ao Campus Industrial de Ferrol con antelación suficiente.

12. COMPATIBILIDADE E RENUNCIAS

Esta axuda é compatible con calquera outra complementaria para cubrir a totalidade do gasto. No caso de recibir outra axuda, o importe da mesma limitarase ao importe resultante de restar ao previsto na convocatoria elo montante da outra axuda.

A desadscrición ao Campus Industrial de Ferrol no prazo de execución desta axuda das persoas investigadoras que teñan formulado a solicitude, dará lugar á cancelación da axuda.

13. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou



RXPD), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informámolo/a de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cos seguintes datos de contacto: rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos taboleiros físicos da UDC e dentro do taboleiro electrónico oficial da sede electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada en tales taboleiros. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Tales dereitos poderá exercelos mediante solicitude remitida ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da UDC, rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, ou ben ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia «Protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto co cal achegará unha fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente á persoa que sexa a delegada de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal antes indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal.

Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social

María Jesús Movilla Fernández



Anexo I

Solicitude de axuda para financiar visitas de persoal investigador de institucións estranxeiras invitado polo persoal investigador adscrito ao Campus Industrial de Ferrol

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
Nome e apelidos			
NIF		ORCID	
Departamento ou grupo de investigación			

DOCUMENTACIÓN ADXUNTA	
	CV actualizado do solicitante (en caso de non ter actualizado o SUXI)
	Xustificantes proxectos en conxunto
	Xustificantes publicacións en conxunto

DATOS DE LA PERSONA INVESTIGADORA INVITADA	
Nome e apelidos	
Entidade de procedencia	
País de procedencia	
Breve resumo da traxectoria investigadora	

BREVE DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DURANTE A VISITA



SÍ	Autorizamos a publicación dos datos persoais relacionados coa tramitación desta convocatoria, conforme o que establece a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
NO	

Data	
------	--

Sinatura da persoa solicitante	Sinatura da persoa investigadora invitada
--------------------------------	---



Anexo II

Aceptación ou renuncia, e declaración doutras axudas

DATOS DA PERSONA INVESTIGADORA DO CIF RESPONSABLE DA INVITACIÓN

Nome e apelidos		NIF	
--------------------	--	-----	--

Ao aceptar a axuda, o abaixo asinante:

- Declara que coñece, cumpre e acepta as condicións da axuda que se lle ten concedido.
- Comprometese a cumprir as normas da convocatoria e desenvolver a actividade que se estimou merecedora da axuda, así como a devolver o importe percibido en caso de incumprimento.

<input type="checkbox"/>	Acepto a axuda nas condicións sinaladas pola convocatoria.
<input type="checkbox"/>	Renuncio á axuda nas condicións sinaladas pola convocatoria.

Declaración de outras axudas

<input type="checkbox"/>	Declaro que NON teño recibido outras axudas para o mesmo fin.	
<input type="checkbox"/>	Declaro que SÍ teño solicitado e/ou recibido outras axudas para o mesmo fin, polo seguinte importe:	
	Euros	Importe de outras axudas solicitadas e/ou recibidas para o mesmo fin.

Firma

Fecha



Anexo III

Información sobre a visita

AXENDA PREVISTA DURANTE A VISITA

Día	Actividade prevista
1	
2	
3	
4	

POSIBLE TÍTULO PARA A PALESTRA DE INVESTIGACIÓN

--

PREFERENCIAS / OPCIONS PARA REALIZAR A PONENCIA DE INVESTIGACIÓN

Preferencia	Día	Horario
1º		
2º		
3º		

Datos de contacto da persoa investigadora invitada

E-mail	
Teléfono	



Anexo IV

NOME DO CONVENIO	Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade a Universidade da Coruña para o desenvolvemento de accións do Campus Industrial.
ANUALIDADE	2023
ACTUACIÓN	1. Investigación
SUBACTUACIÓN	1.3. Producción científico-técnica

OBXECTIVOS
DESCRICIÓN
IMPACTO / RESULTADOS

EVIDENCIAS (Se procede: fotografías, programas, carteis, vídeos, etc.)